



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Literatura Española Medieval   | Código             | 613G01022                                    |          |
| Titulación            | Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios   |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Terceiro           | Obrigatoria                                  | 6        |
| Idioma                | Castelán   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |          |
| Departamento          | Letras   |                    |  |          |
| Coordinación          | Tato García, Cleofe  | Correo electrónico | cleofe.tato@udc.es                           |          |
| Profesorado           | Novoa Blanco, Francisco Javier<br>Tato Garcia, Cleofe  | Correo electrónico | francisco.novoa@udc.es<br>cleofe.tato@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |  |          |
| Descrición xeral      | Estudo da literatura medieval española nos seus principais autores e obras.  |                    |  |          |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións nos contidos:<br/>Non hai</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen:<br/>As Actividades iniciais e Lecturas non sofren cambio ningún (para as outras actividades véxanse os dous apartados seguintes)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:<br/>O Obradoiro e a Sesión maxistral desenvolveranse ben a través de Moodle (mediante presentacións, lecturas e/ou exercicios), ben a través de Teams. Proba mixta: no caso de ser imposible a súa realización de maneira presencial, levarase a cabo unha proba síncrona, que o alumnado fará a man en papel e da que subirá unha foto a Moodle para a súa avaliación. Do mesmo xeito procederase coas dúas probas de ensaio.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:<br/>Correo electrónico; videochamada, previa solicitude de cita, a través de Teams (terá lugar no horario de titorías).</p> <p>4. Modificacións na avaliación: mantéñense as actividades e as porcentaxes, , únicamente cambian, de ser preciso, o modo en que se desenvolven a proba mixta e as probas de ensaio, así como a maneira en que se entregan, aspecto este que afecta tamén á entrega do(s) exercicio(s) do obradoiro, que se subirán á plataforma Moodle.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:<br/>Non hai modificacións na bibliografía, aínda que cómpre proporcionarlles aos estudantes os elementos básicos de consulta a través de Moodle se non puidesen acceder á Biblioteca</p> |                    |  |          |

| Competencias do título |   |
|------------------------|---|
| Código                 | Competencias do título  |
| A1                     | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.                                    |
| A3                     | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.  |
| A5                     | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.   |
| A10                    | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11                    | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.                        |



|     |   |
|-----|---|
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.  |
| A16 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos.  |
| A17 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.   |
| A18 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.   |
| B1  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  |
| B2  | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.  |
| B3  | Adquirir capacidade de autoformación.   |
| B4  | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.  |
| B5  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |
| B6  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |
| B7  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.   |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.   |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |

| Resultados da aprendizaxe  |   |   |          |
|--|---|---|----------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título                            |   |          |
| Ser quen de comprender e explicar algúns dos textos significativos do período  | A1<br>A3<br>A5<br>A10<br>A11<br>A15<br>A16<br>A17 | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B10 | C3       |
| Coñecer algúns dos principais autores e obras da literatura medieval española, percibindo as súas características e os elementos que permiten integralos nun mesmo período.  | A1<br>A3<br>A5<br>A10<br>A18                      | B1<br>B2<br>B4<br>B5                    | C6<br>C7 |
| Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante demostre a súa capacidade de reflexión crítica e sexa quen de aplicar os coñecementos sobre literatura e cultura á análise de textos, recurrido de xeito selectivo, cando é posible (e convén), ao emprego doutra bibliografía e a recursos accesibles a través de internet. | A1<br>A3<br>A5<br>A10<br>A11<br>A15<br>A17<br>A18 | B1<br>B3<br>B5<br>B6<br>B7<br>B10       | C7       |

| Contidos         |   |
|------------------|---|
| Temas            | Subtemas  |
| 1. Introducción. | 1. Cuestións previas<br>2. Idade Media: concepto e termo<br>3. Características xerais da Idade Media<br>4. A literatura medieval española<br>5. Periodización |



|   |  |
|---|--|
| 2. A épica  | 2.1. Introducción<br>2.2. A épica española e as súas características<br>2.3. Ciclos épicos<br>2.4. Estudo do "Cantar de Mio Cid";  |
| 3. O Romanceiro                                     | 3.1. Introducción<br>3.2. Os romances vellos: o problema da súa orixe<br>3.3. A súa difusión<br>3.4. Clasificación<br>3.5. Temas, estilo, métrica  |
| 4. O mester de clerecía                             | 4.1. Introducción<br>4.2. O mester de clerecía: características e problemas, textos e autores.<br>4.3. Gonzalo de Berceo: vida e obra<br>4.4. Estudo dos "Milagros de Nuestra Señora";   |
| 5. Juan Ruiz y el "Libro de Buen Amor";             | 5.1. Introducción<br>5.2. Problemática da obra<br>5.3. Juan Ruiz<br>5.4. Estudo do "Libro de Buen Amor";   |
| 6. A prosa na Idade Media: das orixes ao século XIV | 6.1. Introducción<br>6.2. A prosa antes de don Juan Manuel<br>6.3. Don Juan Manuel: figura e personalidade literaria<br>6.4. Estudo do "Libro del Conde Lucanor";  |
| 7. A lírica medieval (I): os textos tradicionais    | 7.1. Introducción<br>7.2. Lírica culta e lírica tradicional<br>7.3. Jarchas e lírica tradicional castelá<br>7.4. Unha aproximación ás jarchas<br>7.5. Estudo dos "villancicos"; tradicionais   |
| 8. A lírica medieval (II): lírica e cancioneros     | 8.1. Introducción<br>8.2. A poesía cancioneril: tipos, evolución...<br>8.3. Íñigo López de Mendoza, marqués de Santillana: vida e obra. Estudo dunha selección dos seus poemas<br>8.4. Jorge Manrique: figura e obra. Estudo da súa produción (agás as Coplas, vistas en 2º curso) |
| 9. A prosa e o teatro medieval no século XV         | 9.1. Introducción á prosa<br>9.2. Principais tipos prosísticos<br>9.3. Aproximación á prosa de ficción sentimental: Diego de San Pedro e "Cárcel de amor";<br>9.4. Introducción ao teatro<br>9.5. Aproximación ao "Auto de los Reyes Magos";                                       |

| Planificación         |  |                   |   |              |
|-----------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias   | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais  | A5   | 0.5               | 0   | 0.5          |
| Sesión maxistral      | A5 A11 A16 A17 A18<br>B1 B4 B5 B7                            | 17                | 9   | 26           |
| Proba mixta           | A1 A3 A5 A10 A11<br>A15 A16 A17 A18 B3<br>B4 B5 B6 B7 B10 C7 | 3                 | 20  | 23           |



|                        |   |     |    |      |
|------------------------|---|-----|----|------|
| Obradoiro              | A1 A3 A5 A10 A11<br>A15 A16 A17 B4 B5<br>B6 B7 C3 C6      | 19  | 10 | 29   |
| Proba de ensaio        | A1 A3 A5 A10 A11<br>A15 A16 A17 A18 B4<br>B5 B6 B7 B10 C7 | 2   | 16 | 18   |
| Lecturas               | A1 A5 A10 A15 A16<br>A17 A18 B1 B2 B3 B5<br>B6 C7         | 0.5 | 52 | 52.5 |
| Atención personalizada |   | 1   | 0  | 1    |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías         |  |
|----------------------|--|
| Metodoloxías         | Descrición   |
| Actividades iniciais | Análise dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.   |
| Sesión maxistral     | Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente nos docentes, que tentarán ofrecer panoramas xerais sobre as etapas da Idade Media e sobre os distintos ámbitos literarios. Alén diso, para evitar que os estudantes lean e estuden as obras de lectura obrigatoria de forma illada, ofrecerán unha visión xeral sobre a tradición na que se inscriben, un achegamento ao autor se o houber...; nestes casos, a exposición apoiarase nos textos, que os alumnos deben ter lido previamente, pois resultará imprescindible a súa intervención (si é pertinente) e a súa colaboración. |
| Proba mixta          | Proba na que se busca que o alumno responda por escrito, de xeito completo e coherente, a distintas preguntas. Valorarase a súa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.) e espírito crítico. Combinará a teoría e a praxe, de maneira que o estudante aplique as nocións teóricas adquiridas á análise de cuestións referidas aos textos de lectura. Mais tamén terá que demostrar que dispón de coñecementos básicos en relación coa literatura española medieval.   |
| Obradoiro            | Coa finalidade de afondar no estudo das obras, que han ser previamente lidas polos estudantes, combinaranse diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, solución de problemas, exercicios de pregunta-respostas, pequenos debates, exercicios de comentario...).  |
| Proba de ensaio      | Realizaranse dúas probas de ensaio ao longo do curso. O alumno deberá preparar previamente as lecturas das obras que se lle indiquen e os contidos relacionados con elas. Terá que desenvolver algún aspecto o tema aplicando os seus coñecementos e ofrecendo unha análise reflexiva e crítica, na que terá que demostrar, ademais, que levou a cabo unha lectura atenta, comprensiva e completa das obras.   |
| Lecturas             | As lecturas das obras literarias son o eixo sobre o que pivota esta materia, mais, ademais, os docentes poderán solicitar a lectura de textos críticos e bibliografía complementaria.  |

| Atención personalizada                                  |  |
|---|--|
| Metodoloxías  | Descrición   |
| Proba mixta<br>Obradoiro<br>Lecturas<br>Proba de ensaio | O alumno poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada dos docentes, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta ou das dúas probas de ensaio como nas sesións adicadas a obradoiro ou nas lecturas, mais nunca para suplir as explicacións que non teña seguido por se ausentar inxustificadamente da aula. |

| Avaliación   |              |            |               |
|--------------|--------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|              |              |            |               |



|                 |  |   |    |
|-----------------|--|---|----|
| Proba mixta     | A1 A3 A5 A10 A11<br>A15 A16 A17 A18 B3<br>B4 B5 B6 B7 B10 C7 | En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta de carácter teórico-práctico na que se plantexarán distintas preguntas. En varias delas o alumno centrarase na análise de diversos aspectos relacionados coas obras de lectura: ha aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao tempo que demostra que leu os textos e que é quen de ofrecer a súa propia reflexión e interpretación, que ten que estar, ademáis, debidamente razoada e, de non ser orixinal, debidamente fundamentada (sempre atendendo ao tema que se lle propón). Alén diso, importa que saiba situar os principais autores e textos (precisando xénero) do período de maneira correcta. | 50 |
| Obradoiro       | A1 A3 A5 A10 A11<br>A15 A16 A17 B4 B5<br>B6 B7 C3 C6         | Baixo a guía do docente, búscase que os estudantes apliquen os coñecementos vistos nas sesións maxistras e reflexionen sobre aspectos concretos (por escrito ou oralmente) a propósito das lecturas; algunha vez deberán elaborar individualmente textos (sínteses, esquemas, pequenos comentarios...). Algunha(s) desas actividades será(n) tida(s) en conta na avaliación.  | 10 |
| Proba de ensaio | A1 A3 A5 A10 A11<br>A15 A16 A17 A18 B4<br>B5 B6 B7 B10 C7    | Nas datas que se establezan (en razón do avance dos contidos), os estudantes deben realizar, baixo a súa supervisión dos docentes, dúas probas de ensaio. Nelas desenvolverán un tema ou aspecto referido a algunha das obras de lectura obrigatoria; han ser quen de aplicar os coñecementos teóricos á análise dos textos e tamén de demostrar que teñen feita unha lectura detida e crítica. Valorarase a achega personal o enfoque e a profundidade da análise, así como a claridade expositiva e a organización das ideas.   | 40 |

### Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 na proba mixta e nas probas de ensaio.

Só se aceptarán as actividades e probas de ensaio realizadas e entregadas nas datas previstas, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (50%) e as probas de ensaio (50%); debe poñerse en contacto cos docentes ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da realización das probas). Na 2.<sup>a</sup> oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 50% das "probas de ensaio" e o 50% da "Proba mixta". Considerarase como "non presentado" o alumno que non entregue as probas de ensaio ou non realice a proba mixta. A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (non só se tomará en conta, por tanto, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

### Fontes de información



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- BELTRAN, Vicenç (2013). Jorge Manrique, Poesía. Madrid, RAE</li> <li>- Di STEFANO, Giuseppe (ed.) (2010). Romancero. Madrid, Castalia</li> <li>- MONTANER FRUTOS, Alberto (ed.) (2011). Cantar de Mio Cid. Madrid, Real Academia Española</li> <li>- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1999). Marqués de Santillana, Poesía lírica. Madrid, Castalia</li> <li>- BLECUA, Alberto (1992). Juan Ruiz, &amp;quot;Libro de buen amor&amp;quot;. Madrid, Cátedra</li> <li>- SERÉS, Guillermo (1994). Juan Manuel, El Conde Lucanor. Barcelona, Crítica</li> <li>- BAÑOS, Fernando (ed.) (2011). Gonzalo de Berceo, Milagros de Nuestra Señora. Madrid, Real Academia española</li> <li>- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (ed.) (2009). Teatro medieval. Madrid, Cátedra</li> </ul> <p>Son estas as obras extensas de lectura obligatoria, as que haberá que engadir a selección de textos que, para algúns dos temas, facilite o profesorado.</p>   |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- ALVAR, Carlos y Ángel GOMEZ MORENO (1987). La poesía lírica medieval. Madrid: Taurus</li> <li>- CANAVAGGIO, Jean (1994). Historia de la literatura española. Madrid: Gredos</li> <li>- DEYERMOND, Alan (1995). Historia de la literatura española I. La Edad Media. Barcelona: Ariel</li> <li>- DÍEZ BORQUE, José María (dir.) (1980). Historia de la literatura española. Madrid: Taurus</li> <li>- GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998-2002). Historia de la prosa medieval castellana. Madrid: Cátedra</li> <li>- GÓMEZ REDONDO, Fernando (2012). Historia de la prosa de los Reyes Católicos: el umbral del Renacimiento. Madrid: Cátedra</li> <li>- LACARRA, M<sup>a</sup> Jesús y Juan Manuel CACHO BLECUA (2012). Historia de la literatura española. I. Entre oralidad y escritura: la Edad Media. Crítica: Barcelona</li> <li>- LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1987). Introducción a la literatura medieval española. Madrid: Gredos</li> <li>- MENÉNDEZ PELÁEZ, Jesús (1993). Historia de la literatura española. Edad Media. León: Everest</li> <li>- MEREGALLI, Franco (coord.) (1990). Historia de la literatura española. 1. Desde los orígenes al siglo XVII. Madrid: Cátedra</li> <li>- PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. y Milagros RODRÍGUEZ CÁCERES (1981). Manual de literatura española. Edad Media. Pamplona: Cénlit</li> <li>- RICO, Francisco (coord) (1991). Historia y crítica de la literatura española. Edad Media. Primer suplemento. Barcelona: Crítica</li> <li>- RODRÍGUEZ CACHO, Lina (2009). Manual de Historia de la literatura española. 1. Siglos XIII al XVII. Madrid: Castalia</li> </ul> <p>Ofrécese aquí só a referencia de distintas historias da literatura; con cada tema ofreceráse información complementaria.</p> |

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Literatura Española/613G01011

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

### Observacións

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 3º de Grado é requisito; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou de outro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para no repetilos na proba mista.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías